

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: GPA

BASES QUE REXERAN A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DO PERSOAL DAS BRIGADAS DO SERVIZO DE EXTINCION DE INCENDIOS.-

1.- Obxecto da convocatoria: O obxecto da presente convocatoria é a contratación de:

Dúas brigadas de extinción de incendios que constarán cada unha delas do seguinte persoal:

- Un xefe de brigada
- Un peón condutor
- Tres peóns

2.- Período de contratación: 1/08/2013 a 31/10/2013

3.- Sistema de provisión: Concurso-Oposición.

4.- Retribucións: As que resulten da aplicación do Convenio coa Consellería de Medio Rural e do Mar.-

5.- Requisitos dos aspirantes:

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional doutros estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 da Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público. Ser de nacionalidade española ou dun estado membro da Unión Europea.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade.

c) Posuí-la titulación seguinte:

C.1) No caso do Xefe de brigada: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, Técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente. Carné de conducir B

C.2) Peón condutor: carné de conducir B

C.3) Peóns: certificado de escolaridade.

d) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio da función.

e) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Tódolos requisitos anteriores deberán terse no momento de remata-lo prazo de admisión de solicitudes e conservarse polo menos ata a data de formalización do contrato.

6.- Presentación de solicitudes: As solicitudes, ás que se achegará a documentación xustificativa da experiencia previa en extinción de incendios e o Certificado Médico no que se acredite o cumprimento das condicións establecidas, será feita no Rexistro Xeral do Concello no prazo de cinco días naturais, contados desde o seguinte ó do anuncio da convocatoria nun xornal de probada difusión.

7.- Comisión cualificadora: Será nomeada polo Alcalde-Presidente. Tódolos membros da mesma deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para as prazas convocadas e terán voz e voto. En función disto, será nomeada unha Comisión cualificadora para as prazas de Xefe de Brigada e outra para as prazas restantes (Peón condutor e peóns), do seguinte xeito:

Presidente: Un funcionario/a ou empregado/a (persoal laboral fixo) do cadro de persoal do concello.-

Secretario/a : Un funcionario/a do cadro de persoal do concello

Vogais:

Tres funcionarios/as ou empregados/as (persoal laboral fixo) do cadro de persoal do concello.-

Tamén se poderá proceder ao nomeamento de asesores para as probas que así o requiran.

8.- Criterios a valorar no proceso selectivo:

8.1.Examen médico

Os aspirantes deberán achegar á solicitude un certificado médico acreditativo da realización dun examen médico que determine o cumprimento dos requisitos seguintes:


Son excluíntes as lesións de corazón, pulmón ou intestinais, os trastornos psicolóxicos, as incapacidades do aparato locomotor, as doenzas infecciosas e a obesidade. Nas mulleres tamén será excluínte o embarazo. A cegueira e a sordeira son asimesmo causas de exclusión.

8.2.Probas de aptitude :

Realizaranse na xornada ou xornadas que oportunamente se anunciarán na páxina web do concello e no taboleiro de edictos. Os aspirantes enténdense convocados polo coñecemento das presentes bases.

Ditas probas son as seguintes:

8.2.1. *Proba de aptitude física*



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: GPA

Realizarase a **proba do banco**, que consiste no seguinte: Emprégase un banco de 40 cm. de altura para os homes e de 33 cm. para as mulleres, no que se subirá e baixará a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces/minuto) durante un período de cinco minutos. O ritmo marcarase cun metrónomo. Unha vez rematado este tempo, a persoa que realizou o exercicio repousará quince segundos e unha vez rematados tomaráselle o pulso (na muñeca ou pescozo, contando as pulsacións durante outros quince segundos). A proba realizarase nun lugar tranquilo. Precísase unha báscula para obte-lo peso dos candidatos. Cos datos obtidos, **idade, peso e pulsacións**, determinarase o resultado mediante táboas existentes ó efecto.

Para as brigadas de extinción requírese puntuación igual a 40 como mínimo, sendo excluínte unha puntuación menor.

8.2.2. Probas optativas

Cando o número de aspirantes que superen o examen médico e a proba de aptitude física sexa superior ó de plazas convocadas, realizaranse as probas seguintes para a selección final.

a) Examen de coñecementos

Para os Xefes de Brigada: Redacción, durante o tempo máximo de sesenta minutos dun tema xenérico en relación co programa Anexo á convocatoria. O mesmo non ten que ceñirse especificamente ao contido concreto dun dos temas. Puntuaráse de 0 a 10 e valorarase o coñecemento do tema, a claridade na exposición así como na expresión dos conceptos expresados. O Tribunal poderá chamar aos aspirantes para a súa lectura

Para os peóns: (Condutor e peóns)

Realizarase durante trinta minutos un test de 25 cuestións con tres respostas alternativas por cuestión para sinalar a correcta, relativo ao programa que figura como Anexo I.

Puntuarase de 0 a 10 proporcionalmente ao número de respostas correctas. Cada resposta correcta puntuará 0,4 puntos. Restarase 0,2 puntos por cada resposta incorrecta.

O examen de coñecementos é eliminatorio. Serán eliminados os aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de cinco puntos.

b) Proba práctica:

Realizarase unha proba de manexo de ferramentas consistente na roza de matogueira baixa , abrindo unha línea ata o chan mineral de 0,5 m. de ancho por 10,00 m. de largo.

Puntuarase de 0 a 5 (cero, si tarda máis de vinte minutos, e cinco, si tarda menos de dez minutos). Serán eliminados aqueles aspirantes que non acaden un mínimo de 2,5 puntos.

c) Coñecemento do galego: Para o xefe de brigada, a titulación mínima será Celga 3 ou equivalente. Para o peón condutor e peóns, a titulación mínima será o Celga 2 ou equivalente. Caso de non estar en posesión desta titulación, será precisa a realización dun exercicio que consistirá, ben na tradución dun texto ou ben nunha proba de conversación. Duración máxima da proba: 15 minutos. Anunciaráse oportunamente xunto coas demais probas a realizar.

8.3 Fase de concurso:

Aos xefes de brigada outorgaráselles a seguinte puntuación no que atinxe a servizos prestados en traballos de natureza semellante: 0,2 pts por mes de servizos, ata un máximo de 3 pts.

9. Formación de admisión e proba


9.1. Certificación de aptitude

A primeira quincena constituirá o período de proba. Ó final da mesma, tendo en conta o rendemento do traballador no curso que ses impartirá e a súa capacidade de integración no traballo en equipo, extenderase unha certificación de aptitude positiva ou negativa para o traballo de extinción de incendios forestais. Esta certificación terá validez únicamente a efectos de acreditación de experiencia en extinción.

10.- Proposta de contratación e Lista de espera: Cos aspirantes que obteñan a maior puntuación, a Comisión Seleccionadora fará proposta de contratación á Alcaldía-Presidencia, reseñando a persoa designada como Xefe de brigada e os restantes membros da cuadrilla. Elaborarase tamén unha lista de espera, por orde decrecente de puntuación, cos aspirantes que tendo superadas as probas non acaden suficiente puntuación para seren propostas para a contratación. Esta lista de espera será tida en conta en caso dalgunha baixa dos membros contratados.-

11.- Presentación da documentación.- Unha vez publicada a lista de aprobados, os aspirantes seleccionados deberán presenta-la documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas na Base Quinta, no prazo de tres días naturais, a contar desde a citada publicación.

Cumprido-los anteriores requisitos, pola Alcaldía procederase á formalización do correspondente



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: GPA

contrato laboral de duración determinada.

12.-Asistencias.- Os membros da Comisión Cualificadora nomeada ó efecto percibirán as cantidades que en concepto de asistencias se prevén na lexislación de aplicación (Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou noutros organos encargados de selección de persoal)

ANEXO I

- 1.- Os incendios e o seu desenvolvemento.
- 2.- As actuacións en incendios forestais.
- 3.- O lume e a súa propagación.
- 4.- Instrumental de extinción de incendios: clases e utilización.
- 5.- Actuacións en vivendas obxecto de sinistro.
- 6.- Os vehículos de extinción de incendios e a súa dotación.
- 7.- Primeiros auxilios: nocións básicas.
- 8.- Rescates: natureza e clases
- 9.- Protección dos ecosistemas forestais.”

As Pontes de García Rodríguez